



Acto de presentación de *Encrucillada* en Ourense¹



Pedro Castelao

Estimado D. Xosé Manuel Vidal, director de Relixión Dixital.

Querida Carme Soto, compañeira do Consello de Encrucillada.

Señoras e señores:

Por causa do falecemento de seu pai, non nos pode acompañar hoxe o bispo de Ourense. Acompañámolo nós no sentimento e transmíttolles da súa parte a todos vostedes as súas desculpas por esta inesperada ausencia.

* * *

Nos foros imperiais da antiga Roma, moi preto do arco de Septimio Severo e do santuario de Vulcano —deus romano do lume— atópase un pequeno monumento con altar, orixinariamente cuberto de mármore, datado aproximadamente no século II a. C. A tradición atribúe a súa construción a Rómulo, fundador da cidade, e aínda hoxe conserva unha placa na que se pode ler: *Umbilicus urbis Romae*, é dicir, embigo, miolo, centro da cidade de Roma. Parece ser que, igual ca no quilómetro cero da Porta do Sol de Madrid, medíanse desde alí as distancias, non só para as vías militares da cidade, senón tamén para as de todo o imperio. Pero esta dimensión de irradiación horizontal desde un centro sacro cara á periferia non esgota a súa función nin o seu simbolismo. No embigo da cidade

¹ Recollemos para vostedes esta presentación que da revista *Encrucillada* fixo o noso director, Pedro Castelao, o 29 de xullo de 2021 no Liceo da cidade de Ourense.